

BASES DO PREMIO XELA ARIAS

O Premio Xela Arias está promovido pola Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación, que ten entre os seus fins:

- Contribuír á mellora das condicións laborais das/os tradutoras/es e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da tradución e da interpretación.
- Promover o uso da lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos.
- Organizar actividades formativas, divulgativas e culturais relativas á profesión.

Por isto, a asociación decidiu en 2018 a creación dun premio que permita divulgar o labor de empresas, entidades, ou persoas que contribúan a defender ou dar a coñecer o traballo dos e as profesionais da tradución e a interpretación no mercado galego e en lingua galega, e a profesión en si mesma.

Escóllese o nome de Xela Arias para este premio por ser unha figura destacada da tradución ao galego, pois foi a responsábel das versións na nosa lingua de obras de James Joyce, Gianni Rodari, Jorge Amado ou Roald Dahl, polo que tamén a divulgación da figura e obra de Xela Arias é un dos obxectivos da creación deste premio.

Para isto, o Premio Xela Arias outorgarase de acordo coas seguintes:

BASES

1. O Premio Xela Arias concederase anualmente a unha empresa, entidade ou persoa que se distinga pola promoción ou defensa da tradución ou interpretación no mercado galego e en lingua galega.

2. As candidaturas para o Premio Xela Arias poden presentarse de calquera das seguintes formas:

- Os membros do xurado poden propor unha ou varias candidaturas.

- Calquera empresa, entidade ou particular pode presentar unha ou varias candidaturas enviando ao enderezo electrónico da asociación info@agpti.org unha proposta que inclúa o nome e datos de contacto da persoa, empresa ou entidade candidata, xunto cunha explicación da candidatura.

3. O prazo para a presentación de candidaturas remata o día 1 de setembro.

4. O xurado do Premio Xela Arias estará conformado polos compoñentes da Xunta Directiva da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación. A asociación pode convidar a formar parte do xurado as entidades, empresas ou particulares que considere. A presidencia do xurado recaerá na presidencia da AGPTI.

5. O xurado seleccionará a empresa, entidade ou particular premiada tendo en conta os obxectivos e finalidade do premio, e pode optar por deixalo deserto. A súa decisión será inapelábel.

6. O premio farase público o Día Internacional da Tradución (30 de setembro) polos medios que determine a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación.

7. O premio ten carácter simbólico.

8. As empresas premiadas poderán mencionar na súa comunicación externa e interna a posesión deste premio.